

Pregón do Belén de Begonte – 5/12/2009

Autoridades, alcaldes da Terra Chá, begontinos, amigas e amigos: Recibide o meu saúdo máis cordial neste momento en que, de novo, Begonte comeza a vivir un novo Nadal.

É para min un placer e unha honra estar aquí, hoxe, diante de todos vós, para abrir este especial tempo de Nadal. Pero é tamén unha grande responsabilidade, que afronto do mesmo xeito que todas as cousas importantes da miña vida, con ilusión e con entusiasmo.

Polo placer e pola honra que supón, dou as máis expresivas gracias ós rectores e promotores do Belén de Begonte, e das actividades que aquí con este motivo se celebran. E pola responsabilidade, tamén agradecemento, porque é todo un exercizo de vontade o que fai falla para convertirme en pregoeira nun lugar no que falaron persoas con autoridade nos ámbitos máis diversos... Aquí pregoaron o Nadal bispos e arcebispos, e un que agora é Cardeal da Igrexa; aquí falaron conselleiros da Xunta de Galicia, e o seu Presidente. E Presidentes do Parlamento e da Deputación. Aquí falaron escritores, maxistrados, docentes, pensadores, académicos ou xornalistas. E agora, elexídesme a min.

A todos os mencionei en masculino, porque nos trinta e oito anos de historia que ten esta casa e este Belén, eu son a terceira muller que ten o encargo de pronunciar o pregón, xa que só en dous anos -1973, Flora Veiga Aldariz, e 1996, Manuela López Besteiro- foron mulleres as pregoeiras... As dúas, por certo, do mundo da Educación.

Nun tempo no que as mulleres estamos a conquistar un lugar na sociedade e no mundo, tamén é para min unha satisfacción que sexa unha muller a que teña tan elevado encargo como é o de abrir oficialmente un tempo que en Begonte –e en todo o mundo- é especial.

O tempo do Nadal é especial en todo o mundo, e coido non precisa demostración este aserto, se ben quero referirme de xeito especial á nosa terra e a todos os que vivimos o Nadal en familia, no rural, en pequenas comunidades antes pechadas e hoxe máis abertas ó mundo, no que todo era marabilloso. E se para nós,

nenos e nenas que vimos a primeira luz nos anos sesenta, a vida rural era fermosa de por sí, o tempo do Nadal tiña unhas dimensións especialmente garimosas, vibrantes, luminosas, ledas... cunha ledicia que aínda hoxe fai que nos brillen os ollos, se enrubezan as nosas meixelas, e a nosa alma se vexa invadida de nostalxia.

Eran tempos nos que as familias eran máis grandes, estaban menos espalladas polo mundo, non se viaxaba tanto, non nos alonxabamos uns dos outros coa facilidade coa que hoxe se fai aínda que no mesmo día volvamos a xuntarnos... Eran tempos máis lentos, tranquilos, nos que os días pasaban case sen notarse, mentras nós iamos conquistando o mundo.

Eran os tempos nos que os primeiros televisores traían ás nosas casas as novidades dos cantantes de actualidade; a través deles, por primeira vez, as novas do mundo se achegaban a nós; e ata os anuncios nos ensinaban un mundo cheo de novidades comerciais que agrandaban a nosa perspectiva social.

Eran tempos nos que aínda as familias se xuntaban nas casas á noitiña, nos que comparsas de rapaces cantaban panxoliñas de casa en casa, nos que o crego organizaba unha misa do galo na noite máis grande do ano á que iamos todos cunha fe absoluta. Eran tempos nos que estar todos xuntos era a maior ledicia do mundo.

Admirabamos o pequeno belén que se montaba na igrexa, e bicábase con unción os pés do neno Xesús ó final das cerimoniais relixiosas, escoitabamos os contos que os nosos maiores contaban na anoitecida, e disfrutábase dun xeito total, tan desmedido, que me da por pensar que a festa do Nadal está pensada exclusivamente para os nenos, ou polo menos está pensada de xeito especial para colmar a ilusión infinita que os máis pequenos posúen, e que se desata nas ocasións máis importantes, resultando ser o Nadal a máis importante de todas.

Naquel meu Sober doutroira, que eu quixen e admirei de nena, que agora quero e admiro dun xeito máis ponderado, máis racional, diferente... Naquel meu Sober doutroira aprendín que o Nadal é o mellor tempo do ano, no que a familia se evidencia máis unida, onde os maiores nos facemos máis nenos, onde os nenos notan máis a presenza dos maiores arredor deles. Un

tempo familiar, no que agora me corresponde outro papel, o de maior, para que os meus fillos, que xa non son tan nenos, sigan a notar que funcionan eses mecanismos intanxibles que conforman a unidade familiar, que proporcionan calor de fogar, que fan que nos deamos conta do valor da familia para formar seres humanos fortes, nobles e felices.

Andando o tempo, xa na miña etapa de goberno municipal en Sober, souben do especial Nadal de Begonte... e aquí vin en familia, pero tamén en expedición soberina, comprobar se era merecida a sonda deste Belén Electrónico e destas accións que en Begonte se acometen desde hai trinta e sete anos, que deron lugar hai tempo a que alguén crease un novo topónimo para o pobo, xa que en lugar de falar do Belén de Begonte xa se fala de “Begonte do Belén”.

E como cada responsable da gobernación dun concello quere para a súa terra o mellor, eu tamén coidei posible facer en Sober un Belén coma o de Begonte, ou alomenos conseguir ter alí un Belén xeitoso, que fose punto de referencia para a ilusión dos nosos nenos, que fose elemento visual dentro da gran pedagogía do Nadal.

E puxémonos mans á obra, sen máis dereito á copia ou á emulación que as nosas boas intencións. Fixemos o noso Belén, con todo o agarimo, con toda a boa fe, e nunca poderá compararse con este, nin vai intentalo. Pero teño que confesar e podedes presumir os de Begonte, que en Sober fixemos un Belén á imaxe do voso, porque o voso exemplo nos conquistou. E visto con ollos de Begonte será pequeno, faltarán figuras e a humildade é extrema, pero dalgún xeito é fillo voso, que naceu porque en Begonte aprendimos que un pobo necesita un belén para que os seus nenos saiban desde a primeira idade que a ilusión se reforza con reclamos virtuais, con pequenas marabillas de pedra ou madeira, arbustos e auga, con papel de prata ou luces escondidas, elementos cos que é posible crear un mundo novo, alomenos no Nadal.

Relacionei Sober con Begonte, porque a miña traxectoria vital de Sober procede, e a Begonte cheguei hoxe a pregoar.

Góstame o papel de pegoira dun acontecemento coma este, e quero que a miña intervención signifique a reivindicación

do popular e do rural, de todos os valores que existen nas aldeas e nos pobos deste país, que teñen que seguir sendo exemplo para a nosa sociedade, por moi avanzada que estea, por moi global que resulte a contemplación do contorno. O rural galego ten moito que dicir neste mundo, e a min paréceme que o voso Belén e todo o que hai arredor del é un gran exemplo vital para todos nós.

Trinta e sete anos despois de que comezara en Begonte o fenómeno do Belén, chegan a este pobo xentes de todo Galicia na procura dun milagre, non dun miragre ó xeito antigo, senón un miragre moderno, tecnolóxico, que da vida ó inanimado para reflectir a vida cotián e campesiña da Terra Chá.

O Belén, desde que naceu non parou de medrar, nun sentido físico e á vez inmaterial, porque chega un momento en que as cousas físicas trascenden e cobran un xeito de vida contaxiosa para todos os que a elas se achegan. E en tempos de peregrinación e mudanza, peregrinar a Begonte e ó seu Belén, é como cumprir cun pequeno Xacobeo, ou atopar un magnífico fito no Camiño do Norte que por este concello pasa, para coller forzas e dirixirnos a Compostela, precisamente agora que xa estamos ás portas do Xacobeo 2010.

Estamos en Begonte do Belén, e foron os rapaces do Seminario de Mondoñedo os que tiveron o acerto de dar novo nome a este pobo, e despois deles moita máis xente, e aí está para que os visitantes consideren se ten razón, se é posible que un pobo adopte un sobrenome a partir dun determinado acontecemento; se é posible que Begonte se apoie nun Belén que fai que o Nadal nesta terra dure dous meses ó ano, e a capital begontina se convirta nun centro de peregrinación.

Begonte é así unha pequena Compostela, un destino de peregrinación, un obxecto de fe, que como un imán poderoso atrae coa súa forza – magnetismo especial- a todos os que queren ser conquistados pola maxia da técnica, pola sinxeleza da mensaxe, pola forza da fe.

Un pequeno Belén xurdiu en 1972, aparentemente sen mais forza que unha iniciativa de parroquia, dun cura traballador e visionario que quería facer algo diferente como mensaxe de fe e de cultura. E velaquí que tantos anos despois atopamos a mesma iniciativa, cada vez con máis forza, cada vez máis nova, como ese

miragre que antes mencionaba que nace do traballo, da persistencia, da arte e da fe.

E chama a atención que precisamente unha iniciativa así xurda nun pequeno pobo do rural, onde non existen as axudas, o empuxe, os medios dunha gran cidade. E vai resultar que aí está a vantaxe de Begonte, onde todo o concello, os seus habitantes, se xuntan para respaldar, apoiar e difundir o que aquí se celebra; e esta instalación, o centro “José Domínguez Guizán”, sexa o punto de referencia máis poderoso do concello, desde onde irradia tanta cultura e tanta actividade social.

A gran vantaxe do Belén de Begonte é ter nacido directamente do pobo, nun lugar da Terra Chá, con vontade de traballo, recollendo as esencias máis directamente vencelladas á terra e ó contorno.

E venme á memoria aquel “Menosprecio de la corte y alabanza de la aldea”, feita no século XVI polo Bispo Antonio de Guevara, titular desta diocese de Mondoñedo, que afirmaba “que la vida de la aldea es más quieta y más privilegiada que la vida de la Corte”. Eu aproveito a miña experiencia vital, e as experiencias de cada día polo meu actual cometido administrativo e político, e non dubido en recoñecer que o noso pasado e o noso futuro está precisamente no rural de Galicia.

Que o pasado de Galicia foi rural indícanolo a historia, a lenda, a cultura, a tradición, a mesma nosa xente. Eu veño do rural, e volvo ó rural todos os días a reencontrarme coa miña vida habitual, á que volverei cando remate esta etapa actual, e na que me formei como muller, como nai de familia, e como política.

Por eso sintonizo de xeito especial coas iniciativas que desde o rural se sitúan á cabeza da actualidade, demostrando que o éxito non depende dos medios senón das persoas; que os medios de comunicación son tremendamente poderosos para difundir mensaxes e conquistar vontades, pero a iniciativa humilde que se fixa na vida para reflectir a vida, pode conseguir conquistar as vontades e lograr respaldo multitudinario.

Eu, desde Begonte, no rural de Lugo e de Galicia, reivindico as iniciativas humildes e o rural, a sinxeleza e a naturalidade, para conquistar o mundo.

Nun tempo no que o global nos invade e no que calquera acontecemento en calquera lugar do mundo chega a nós amplificado polos medios de comunicación, descubrimos que o local é o que máis importa, que o que ocorre no noso pequeno mundo é unha noticia de interese xeral para ese mundo que nos rodea, que o local se transforma en universal por ser a primeira influencia sobre nós, precisamente porque o que ocorre á nosa beira inflúe directamente nas nosas vidas e nas da nosa xente.

Eso fai o Belén de Begonte: Incidir directamente nas nosas vidas, entrar en nós polas canles máis sensibles do noso espírito, movernos a pensar, a ver, a contaxiar... E cando contemplamos esta marabilla electrónica sabemos que temos que espallar a súa mensaxe, e vir acompañados dos nosos fillos, e contalo ós amigos, e proclamar a donde cheguemos que temos estado en Begonte, que en Begonte hai que estar, que a Begonte hai que ir.

A vella tradición sobre San Andrés de Teixido, centro de atracción multiseccular, indica que hai que acudir alí alomenos unha vez na vida. A Begonte hai que vir unha vez cada Nadal, e ver como no decurso do tempo vai evolucionando o Belén; e ver no decurso dese tempo como evoluímos, como medramos por dentro, como apreciamos cada vez máis as cousas pequenas, o valor do fogar e da familia, a impagable mensaxe que recibimos cada vez que entramos neste edificio singular.

Eu proclamo que son da aldea, que me gusta a aldea, que o Belén de Begonte é unha magnífica aldea que reflicte a vida de sempre que nunca debemos deixar morrer. Se as nosas aldeas son e foron sempre exemplo de unidades singulares, con organización propia, con lexislación non escrita pero respetada a ultranza, con costumbres derivadas de milleiros de anos de experiencia, eu defendo a aldea, a parroquia, como unidade vivencial, administrativa, e quizais tamén política, para vivir de xeito racional en contacto coa terra, para volver –sen menosprecio da cidade- a valorar o campo e a súa vida, para lograr que as casas non queden baleiras, que as chimeneas volvan botar fume, e as escolas se enchan de novo de nenos.

Todo está a favor da aldea, menos a vida actual. Neste Belén reflíctese a tradición e a fe cristiá, reproducindo o nacemento de Xesús no alboio dunha pequena aldea... Puido ter aparecido nun

pazo, nunha mansión dunha cidade... E sen embargo, a maior noticia do mundo antigo produciuse no rural, no lugar onde todos nos coñecemos, onde todos nos axudamos, onde vivimos os problemas dos demais coma nosos, onde se vive verdadeiramente a esencia de ser galego.

Eu reivindico para o Belén de Begonte a familiaridade, a singularidade, a “aldeanidade”, e perdoádeme a palabra que posiblemente non existe pero ten significado. Eu reivindico para Begonte as esencias dos pobos pequenos con grandes sentementos, grandes amizades, grandes raíces... Eu reivindico para Begonte o contacto directo, o trato familiar, o espírito do Nadal que nos envolve xa nestas datas e nos forza a ser mellores por ser máis humanos, máis sinxelos, máis do pobo.

Adiante, Belén de Begonte!.. Que se, como o Presidente deste Centro Cultural afirma, os anos aquí se contan por Nadais, eu desexo para vós outros trinta e sete nadais, ou trescentos setenta, ou tres mil setecentos... E non entendades esto como un xogo de palabras para quedar ben. Entendédeo como un desexo de permanencia ata o infinito, na seguridade de que un Belén coma este é imprescindible para Begonte, pero tamén o é para todos os que aquí chegamos... Querémolo, disfrutámolo, necesítámolo. E pedímosvos que o sigades agarimando, ofrecendo, polo noso ben e polo voso.

¡Felicidades, Begonte, polo voso Belén e polo voso Nadal!. Remato cumprindo co meu papel de pregoeira proclamando que desde hoxe, Begonte vive o Nadal. Xa que así o queredes, así sexa.

Que desde hoxe sexa Nadal en Begonte, para disfrute de toda Galicia. Que todos vivamos o Nadal nas nosas casas, nos nosos corazón, tendo á vista a imaxe begontina, tendo moi presente o exemplo que en Begonte naceu no Nadal de 1972.

Por sempre, Belén de Begonte. Por sempre, Begonte do Belén.

Raquel Arias Rodríguez